

Un pescador de troitas

Xosé era un bo pescador de troitas. Na súa mocidade sempre chegaba co cesto cheo, facendo a ledicia dos da casa. Agora, que xa ía vello, seguía indo de pesca, pois dicía que así facía exercicio, respiraba aire puro e sobre todo divertíase.

Lera moitos libros sobre as troitas e coñecía case todas as súas mañas. Pescaba á miñoca, ao saltón, aos vermes... Era tan mañoso que el mesmo facía os vermes con fíos de cores.

Xosé tiña pescado en moitos ríos: no Ulla, no Tambre, no Xallas... Percorriáos todos de arriba a abaixo, non había recuncho polo que el non pasara.

Desde sempre, cando collía troitas pequeniñas botábaas ao río, pois dabánlle moita mágoa e recordaba aquilo que lle dixeran de pequeno que as troitas pequenas había que devolvelas ao río.



O que non sabía Xosé era que unha daquelas troitiñas nunca máis se esquecera del. Coñecía a súa arte de pescar e sempre que el ía ao río, escapáballe, e ás veces ata chegaba a burlarse del coméndolle o cebo.

Aquela tempada Xosé andaba coa mosca detrás da orela. Había uns días que ía pescar ao río Xallas perseguindo unha troitaza que daba xenio vela. Nalguna ocasión estivo a piques de collela, pero sempre lle escapaba. Era aquela troitiña que el devolvera ao río uns anos antes.

Un día á mañá, Xosé saíu da casa coa súa cana, o cesto e o cebo. Andou ao longo do río ata que deu con ela. "Hoxe non me escapas", pensou. Botou a cana ao río, e... de súpeto..."Xa te teño". A troita viña pendurada da cana saltando como unha tola. Xosé quitoulle o anzol e mirouna fachendoso. Era un bo exemplar! As pintas vermellas brillaban ao sol. Tan fermosa a viu que nunha das súas arroutadas botouna ao río. A troita deu un brinco na auga de felicidade. Xosé volveu para a casa . O cesto ía baldeiro, pero ía cheo de fachenda.

Terceiro de Ed. Primaria

